



BANDO

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS POLO CORONAVIRUS COVID-19

Seguindo as medidas de prevención de carácter extraordinario polo “Coronavirus” (COVID-19), adoptadas pola Xunta de Galicia, co fin de garantir a saúde, comunícanse as seguintes medidas preventivas e de peche de instalacións e servizos municipais a partir do sábado 14 de marzo e até novo aviso.

PECHE TEMPORAL DOS SEGUINTE SERVICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS

ESCOLA INFANTIL , BIBLIOTECA e MUSEO, CONSERVATORIO MUNICIPAL e ESCOLA DE MÚSICA, AUDITORIO, LUDOTECA, OBRADOIRO OCUPACIONAL ASPRODICO e ATENCIÓN TEMPERÁ, COMPLEXO DEPORTIVO ÁLVARO PINO e ESTADIO MUNICIPAL DE PONTEAREAS (Pardellas e Rei-Alfredo Bautista)

A ATENCIÓN AO PÚBLICO NO RESTO DE SERVICIOS MUNICIPAIS FARASE TELEFONICAMENTE NO 986640000 OU O TELÉFONO ESPECÍFICO DO SERVIZO OU TELEMATICAMENTE A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA PONTEAREAS.SEDELECTRONICA.GAL. Só en casos debidamente xustificados atenderase presencialmente.

A partir deste sábado 14 de marzo, CANCELÁNSE TODOS OS ACTOS E ACTIVIDADES E AS FEIRAS E MERCADOS DOS SÁBADOS durante un mínimo de dúas semanas e até novo aviso.

Estas medidas revisaranse en función das indicacións das autoridades sanitarias.

Agradezo a responsabilidade e colaboración da poboación para a aplicación destas medidas.

Ponteareas, 13 de marzo de 2020

O alcalde, Xosé Represas Giráldez

